



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Teoría do Financiamento	Código	611G02021	
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Iglesias Antelo, Susana	Correo electrónico	susana.iglesias.antelo@udc.es	
Profesorado	Boedo Vilabella, Lucia Iglesias Antelo, Susana Piñeiro Sanchez, Carlos Vizcaino Gonzalez, Marcos	Correo electrónico	lucia.boedo@udc.es susana.iglesias.antelo@udc.es carlos.psanchez@udc.es marcos.vizcaino@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	Esta materia está enfocada á análise da toma de decisións en materia de financiamento empresarial e de investimento financeiro. É complementaria das materias "Teoría do Investimento", do curso anterior, e "Planificación Financeira", do curso seguinte. No conxunto das tres trátanse os temas máis importantes da dirección financeira da empresa.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Xestionar e administrar unha empresa ou organización de pequeno tamaño, entendendo a súa ubicación competitiva e institucional e identificando as súas fortalezas e debilidades.
A2	Integrarse en calquera área funcional dunha empresa ou organización mediana ou grande e desempeñar con soltura calquera traballo de xestión nela encomendada.
A3	Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa.
A4	Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas de empresas e mercados.
A5	Redactar proxectos de xestión ou de áreas funcionais da empresa.
A6	Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A8	Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A9	Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional.
A10	Ler e comunicarse no ámbito profesional nun nivel básico en máis dun idioma, en especial en inglés
A11	Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
B1	CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria general, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo
B3	CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	CG1-Saber desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións empresariais
B7	CG2-Saber manexar os conceptos e técnicas empregados nas diferentes áreas funcionais da empresa, así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización
B8	CG3-Saber tomar decisións, e, en xeral, asumir tarefas directivas.
B9	CG4-Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de - incerteza, alcanzar os obxectivos propostos e avaliar resultados



B10	CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e integrar a lóxica financeira a aplicar na toma de decisións de financiamento na empresa	A1 A2 A3 A6 A8 A11	B2 B6 B8 B10	C6
Coñecer as teorías financeiras básicas sobre os mercados de capitais e comprender as súas implicacións prácticas	A6 A8 A10 A11	B1 B3 B5 B7	C4 C6 C8
Saber valorar un investimento financeiro	A2 A4 A5 A8 A11	B4 B9	C1 C6
Saber desenvolver modelos financeiros e aplicar ferramentas informáticas	A9 A11	B6	C5 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE I: AS FONTES DE FINANCIAMENTO DA EMPRESA	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Fontes de financiamento a curto e longo prazo</li><li>2. Financiamento bancario e mediante a emisión de títulos</li><li>3. Autofinanciamento</li><li>4. Financiamento público e privado</li><li>5. Novas formas de financiamento Fintech: o financiamento colaborativo</li><li>6. A ética nas finanzas: o financiamento ético</li><li>7. O custo de capital</li><li>8. A estrutura de capital: política de endebedamento da empresa</li></ol>
BLOQUE II: SELECCIÓN DE CARTEIRAS E VALORACIÓN DE ACTIVOS	<ol style="list-style-type: none"><li>1. A rendibilidade e o risco</li><li>2. A formación de carteiras óptimas</li><li>3. A valoración de activos</li></ol>
BLOQUE III: PRODUTOS DERIVADOS	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Opcións e futuros: valoración e estratexias de investimento</li><li>2. Permutas financeiras (swaps)</li></ol>

Planificación
---------------



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A10 B1 B2 B5 B10 C4 C5 C6 C7 C8	18	36	54
Solución de problemas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A11 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1	20	40	60
Proba mixta	A1 A4 A6 A8 A11 B2 B3 B4 B6 B7 B8 C1 C4	4	16	20
Seminario	A3 A6 A8 A9 A11 B2 B3 B7	4	3	7
Proba mixta	A1 A4 A6 A8 A11 B2 B3 B4 B6 B7 B8 C1 C4	2	6	8
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición teórico-práctica dos temas do programa
Solución de problemas	Realización de tarefas prácticas: desenvolvemento de aplicacións dos coñecementos traballados e resolución de exercicios e problemas
Proba mixta	Probas que poderán ser de diverso tipo (test, resposta breve, resposta ampla...) e que se realizarán durante o período de clases
Seminario	Titorías de grupo pequeno que se desenvolverán no cuadrimestre en datas que se fixarán ao longo deste
Proba mixta	Exame teórico-práctico sobre os contidos da materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Seminario Proba mixta	Programaranse catro horas de titorías en grupos reducidos nas que a atención ao alumnado é máis personalizada.  As titorías individuais do curso desenvolveranse nos horarios publicados polo profesorado a principios de cada cuadrimestre.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A4 A6 A8 A11 B2 B3 B4 B6 B7 B8 C1 C4	Durante o período de clases realizaranse tres probas de diverso tipo que non terán carácter liberatorio e que suporán en conxunto o 45% da cualificación final (máximo 4,5 puntos). Cada proba non realizada puntúa como cero.	45
Proba mixta	A1 A4 A6 A8 A11 B2 B3 B4 B6 B7 B8 C1 C4	Exame da materia que supón o 55% da cualificación final que o alumno pode obter (máximo 5,5 puntos). Celebrarase en primeira oportunidade (xaneiro no grao en ADE e maio/xuño no programa de simultaneidade dos graos en ADE e Dereito) e en segunda oportunidade (xullo) nas datas acordadas pola xunta de facultade. En ningún caso será posible obter con este exame a parte de cualificación correspondente ás probas que se realizarán durante o período de clases.	55



## Observacións avaliación

A cualificación de NON PRESENTADO só se outorgará ao alumno cuxa participación en actividades de avaliación teña unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada, segundo normativa vixente da facultade.

A avaliación exposta tamén rexe para o alumnado con recoñecemento de DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL e dispensa académica de exención de asistencia.

Únicamente o alumno que concurra á OPORTUNIDADE ADIANTADA DE AVALIACIÓN examínase na data establecida pola facultade a tal efecto e o exame será tipo proba mixta de todos os contidos e competencias da materia e con él poderá obter o 100% da cualificación.

Segundo normativa do centro, está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento masivo de información.

Segundo normativa da universidade, o acceso á realización dunha proba de avaliación con instrumentos electrónicos ou dispositivos móbiles accesos, non autorizados expresamente polo profesorado responsable, será causa suficiente de expulsión da proba. Asimismo, en caso de realización fraudulenta dunha proba de avaliación, procederase á expulsión inmediata do estudante da proba. A expulsión dunha proba de avaliación implicará a cualificación de suspenso (nota numérica 0) na convocatoria da materia.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Boedo, L. (2009). Las fuentes de financiación y su coste. A Coruña: Netbiblo</li> <li>- Brealey, R.; Myers, S.; Allen, F. (2015). Principios de finanzas corporativas. 11ª ed.. Madrid: McGraw-Hill</li> <li>- Pindado, J. (dir.) (2012). Finanzas empresariales. Madrid: Paraninfo</li> <li>- <a href="http://www.paraninfo.es/catalogo/9788497328951/finanzas-empresariales">www.paraninfo.es/catalogo/9788497328951/finanzas-empresariales</a> (). Material electrónico del libro Pindado (2012).</li> <li>- Piñeiro, C.; De Llano, P. (2010). Dirección financiera. Un enfoque centrado en valor y riesgo. Madrid: Delta</li> <li>- <a href="http://www.udc.es/grupos/fysig/carlos/oikonomicon/index.html">www.udc.es/grupos/fysig/carlos/oikonomicon/index.html</a> (). Página del profesor Carlos Piñeiro Sánchez.</li> <li>- <a href="http://www.aebanca.es">www.aebanca.es</a> (). Asociación Española de Banca.</li> <li>- <a href="http://www.bde.es">www.bde.es</a> (). Banco de España.</li> <li>- <a href="http://www.bolsamadrid.es">www.bolsamadrid.es</a> (). Bolsa de Madrid.</li> <li>- <a href="http://www.bolsasymercados.es/mab">www.bolsasymercados.es/mab</a> (). Mercado Alternativo Bursátil.</li> <li>- <a href="http://www.cnmv.es">www.cnmv.es</a> (). Comisión Nacional del Mercado de Valores.</li> <li>- <a href="http://www.ico.es">www.ico.es</a> (). Instituto de Crédito Oficial.</li> <li>- <a href="http://www.igape.es">www.igape.es</a> (). Instituto Gallego de Promoción Económica.</li> <li>- <a href="http://www.meff.es">www.meff.es</a> (). Mercado Español de Derivados Financieros.</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Álvarez, B.; Boedo, L. (2011). La financiación empresarial: exposición teórica y análisis de la operativa. Estudio de casos reales desarrollados en Excel. Barcelona: Inforbook's</li> <li>- Doldán, F. (2003). Dirección financiera de la empresa. Santiago: Tórculo</li> <li>- Gómez, A.; Piñol, J.; Reig, A.; Rodrigo, A. (2006). Teoría de la financiación II. Madrid: Pirámide</li> <li>- Lassala, C.; Medal, A.; Navarro, V.; Sanchis, V.; Soler, A. (2006). Dirección financiera II. Madrid: Pirámide</li> <li>- Hull, J. C. (2013). Introducción a los mercados de futuros y opciones. 8ª ed.. México: Pearson Educación</li> <li>- Piñeiro, C.; De Llano, P. (2009). Principios y modelos de dirección financiera. Santiago: Andavira</li> <li>- Piñeiro, C.; De Llano, P. (2012). Finanzas empresariales: teoría y modelos con hoja de cálculo. Santiago: Andavira</li> <li>- Suárez, A. (2013). Decisiones óptimas de inversión y financiación en la empresa. 21ª ed.. Madrid: Pirámide</li> </ul>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Análise das Operacións Financeiras/611G02004  
 Estatística I/611G02006  
 Contabilidade Financeira I/611G02013  
 Estatística e Introducción á Econometría/611G02014  
 Contabilidade Financeira II/611G02018  
 Teoría do Investimento/611G02020

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Planificación Financeira/611G02034
Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías